

Apartamentos As Casañas da Avóia Carlota

Freas da Canda, s/n. Ctra. Cea- Oseira

32137 Piñor de Cea (Orense)

Teléfono: 633 239 004/693 649 626

E-mail: info@casascarlota.com

Web: www.casascarlota.com

INFORMACIÓN XERAL

O aloxamento dispón de 4 apartamentos, o chamado “Os Pinochos” está adaptado para persoas de mobilidade reducida, consta de un salón-cociña e habitación con aseo.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- O entorno onde se sitúan os apartamentos é un paraxe sen asfaltar.
- A entrada accesible é pola parte traseira da casa, a través de un patio con unha porta de forxa que ten un ancho libre de paso de **1 m** e que conduce a un porche con pavimento regular, homoxéneo sen ocos nin chanzos.
- Non dispón de aparcamento, o vehículo pode estacionarse na rúa colindante xunto á porta de acceso traseira.

Acceso

- A entrada ó apartamento realízase por unha porta que abre cara dentro e ten un ancho libre de paso de **86 cm**. Ábrese con chave, antes e despois da mesma existe un espazo de **1,50 m** de diámetro para realizar as manobras de xiro de unha persoa en cadeira de rodas.

Apartamento (“Os Pinochos”)

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible dende o patio.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de **1 m**.
- A porta de acceso ao dormitorio é corrediza e ten un ancho libre de paso de **76 cm**.
- A cama ten unha altura de **57 cm** e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de **1 m** de ancho.
- As portas do armario son abatibles **90°** e teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura de **52 cm**. O percheiro está fixo a **1,90 m** de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corrediza e ten un ancho libre de paso de **76 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de
- **Inodoro**
- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de **1,20 m** e de **90 cm** pola fronte. O asento está a unha altura de **42 cm** e o mecanismo de descarga é de presión e está a **90 cm**.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible a cada lado, situadas a **81** e **97 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **67 cm**.

Lavabo

- O lavabo permite a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas, a altura libre baixo este é de **82 cm** e o fondo de **50 cm**. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,10 m** e o resto dos accesorios do baño están a **1 m**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de **1,08 m** de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento do cuarto de baño e é antiescorregadizo.
- Non hai unha cadeira ou asento de ducha homologado.
- Ten unha barra de apoio vertical situada na parede longa das billas a unha altura de **1,25 m**. Non hai unha cadeira ou asento de ducha homologado.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de **1,17 m**. A ducha ten **cortinas** para evitar a fuga de auga.

Cociña e comedor

- A cociña está integrada no salón do apartamento.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedoiro están a **80 cm** de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os andeis dos armarios e o frigorífico están a unha altura de **70 cm**.
- A mesa ten unha altura de **80 cm** e debaixo existe un espazo inferior libre de **77 cm** de altura, **70 cm** de ancho e **70 cm** de fondo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A porta é parcialmente acristalada e abre cara a dentro.
- No apartamento o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

Apartamento estándar

- O número do cuarto indícase con grandes caracteres e en cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- A TV dispón de decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Sinalización

- O aloxamento dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

Atención ó cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.